


1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Vigo. Municipios: Bueu e Moaña. Parroquias: en Bueu, unha pequena parte de Santiago de Ermelo; e en Moaña, principalmente San Martiño de Moaña e no extremo oriental un pequeno sector de Virxe do Carme de Moaña. Extensión: 1,65km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Esta unidade de cabeceira fluvial conforma a vertente sueste das elevacións de Paralaia, que mira cara á vila de Moaña. Consta de dúas partes ben diferenciadas. En primeiro lugar unha vertente alta de gran pendente con valores do 40% e 50%, podendo superar esta última cifra. En segundo lugar, unha conca inferior de menor pendente (variable, con zonas chairas de pendente inferior ao 10% e relevos residuais que superan o 30% e 40%) que reúne varias vaguadas dando lugar ao Rego de Sabaceda. A sucesión desas vaguadas e interfluvios outorga un aspecto de relevo compartimentado na parte baixa fronte ao aspecto máis enteiro da vertente superior.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade circunscribe totalmente ao dominio das rocas plutónicas. Case toda a unidade sostense sobre un granitoide de afinidade calcoalcalina, en concreto unha granodiorita con megacristais de feldespato. Tan só ao leste da aldea de Sabaceda, no extremo sueste da unidade, aparece unha pequena zona con outro tipo de rocas: granitos e granodioritas biotíticos, que constitúen granitoides de afinidade calcoalcalina; un pequeno enclave de materiais metamórficos, en concreto de paragneises.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Condições climáticas bastante homoxéneas en toda a unidade, marcadas pola suavidade térmica que se manifesta en valores medios anuais por encima de 14°C. No entanto, o réxime de precipitacións, en xeral de valores moderados, mostra un lixeiro incremento en relación coa altitude, de maneira que as medias acumuladas ao longo do ano varían entre os 1200mm e os 1400mm do sector máis oriental, e os 1400mm e 1600mm nas estribacións do Monte Paralaia. En definitiva o dominio climático é Cálido pero variando de Húmido a Moi Húmido das cotas altitudinais baixas ás máis elevadas.

OS SOLOS

A vertente de Sabaceda mostra a catena característica de Solos de fondo de val a cabeceira. Os máis profundos e fértiles do tipo cambisol, aptos para usos agropecuarios, localízanse no extremo suroriental da unidade, onde as pendentes son pouco pronunciadas. A medida que se incrementan os desniveis, os solos alcanzan progresivamente menos espesor e a súa evolución retárdase en parte debido á dinámica erosiva, dando paso de xeito secuencial a umbrisoles dístricos, regosoles e onde aflora en abundancia o roquedo, leptosoles líticos, estes últimos sobre todo nos cumes do Outeiro de Paralaya.


AS AUGAS

Rede fluvial pouco significativa formada por regatos e cauces estacionais que recollen as augas fundamentalmente pluviais acumuladas nas estribacións do Outeiro de Paralaia. Configúrase en definitiva, unha conca de pequenas vaguadas que verten á unidade litoral da Enseada de Moaña.

O PATRIMONIO NATURAL

Trátase dunha unidade con poucos valores ambientais no que respecta á cuberta vexetal e os Hábitats de Interese Comunitario. As vertentes altas presentan densas masas arbóreas dunha mestura de piñeiros e eucaliptos nas que poden aparecer dispersos ou en pequenas formacións, restos de antigas carballeiras (cuxo hábitat natural sería o 9230 Bosques galaico-portugueses de Quercus robur e Quercus pyrenaica). Na parte baixa da unidade, os pequenos regatos desenvolven masas de ribeira, pero estas atópanse moi degradadas por diversas especies, especialmente pola especie bioinvasora Robinia pseudoacacia ou acacia brava. En todo caso, son esas masas de ribeira, 91E0, Bosques aluviales de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae), xunto a outros rodais de recolonización ou de restos de antigas formacións máis extensas, que constitúen o patrimonio ecolóxico a destacar.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A unidade presenta dous usos claramente diferenciados; por unha banda, a parte oeste onde as cotas son máis elevadas caracterízase polo uso forestal, dominada por extensas masas de piñeirais e eucaliptais. Ao noroeste da unidade apréciase un uso agrícola como resultado da influencia dos campos de cultivos intercalado cun uso residencial resultado da proximidade á unidade litoral do núcleo de Moaña.

MORFOLOXÍA

Na unidade atopamos dous núcleos fundacionais, Sabaceda ao norte e Outeiro de Sabaceda ao Sur. O primeiro presenta unha estrutura de trazado lineal, pois se foi expandindo aproveitando o trazado do viario existente, mentres que o segundo conserva unha estrutura máis ou menos compacta aínda que experimente novos desenvolvementos. A situación periférica da unidade respecto ao núcleo de Moaña fai que aparezan desenvolvementos de carácter espontáneo situados de forma lineal ao longo da rede viaria. A principal vía de comunicación fractura en dous partes a unidade e adaptándose ao relevo.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

As estradas que atravesan a unidade son, por unha banda, a vía CRG-4.1 que actúa como eixo principal da rede viaria da península do Morrazo e por outro a PO-313, denominada estrada de Marín. A rede secundaria conforma estradas que enlazan os numerosos núcleos rurais

PATRIMONIO HISTÓRICO

Na unidade destacan elementos de patrimonio cultural e arqueolóxico, como son o conxunto conformado pola casa reitoral e a igrexa de Moaña, o Monte do Castro e a Necrópole de San Martiño de Moaña.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade paisaxística está condicionada polos desenvolvementos espontáneos presentes no flanco leste do ámbito. Esta antropización está vinculada ao desenvolvemento do sector turístico da zona, introducindo novos usos na unidade. Este carácter residencial e agrícola combínase co marcado uso forestal dos montes das partes altas da unidade..

DINÁMICA DA PAISAXE

A superficie destinada a uso forestal permanece invariable, mentres que as parcelas destinadas ao uso agrícola abandonáronse paulativamente para dar paso a edificacións unifamiliares e vivendas dispersas empregadas como segunda residencia, feito que desvinculou o carácter agrícola da zona coa poboación residente.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dun área transformada na que a calidade paisaxística que adoita asociarse aos bosques autóctonos foi minguada polas plantacións de eucaliptos e piñeiros nas partes altas e os usos agropecuarios e os procesos edificatorios das zonas máis baixas. Destacamos un interesante punto de observación no Outeiro de Sabaceda.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Non se contemplan ámbitos de recualificación na presente unidade.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



